# CINE NO CGAC

## DE MUSSOLINI A BERLUSCONI: COMO UN JUEGO DE MÁSCARAS

CICLO DE CINE ITALIANO

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

16 xaneiro - 20 febreiro 2014

20:30 h / Auditorio do CGAC



As nove películas que conforman este primeiro ciclo de cinema do CGAC en 2014 abren as súas ás sobre o que foi o século XX italiano. E, dun xeito rigoroso, non pode deixar de haber nelas unha análise dos tres sistemas políticos que dominaron ese século longo, desde 1920 e a instauración do fascismo até este 2013, xusto ao dobrar o Cabo de Fornos da defunción da mediocracia que demos en chamar berlusconismo. (Falamos de dous histrións, Mussolini e Berlusconi, non comparables en canto á súa repercusión histórica, xeoestratéxica e bélica; pero, ollo, si dignos de seren equiparados na súa capacidade para construír un réxime demagóxico, na súa utilización dos medios e dos baixos instintos para acaparar adhesión popular e tamén no tempo ao longo do cal ambos foron quen de prolongar o seu liderado).

Cara á metade da metraxe de *Girolimoni, il mostro de Roma* fai a súa aparición Benito Mussolini. É cando a actuación dun violador e dun asasino de nenas fai que se estenda a histeria nun pobo sobre o que Mussolini non hai tanto que acaba de soltar a súa rede na Marcha sobre Roma, e ante o cal é preciso dar contas máis pronto ca tarde e ofrecer o rostro dun culpable. A somatización do fascismo co asasino de nenos, máis obvia ca en *M, o vampiro de Düsseldorf,* de Fritz Lang, opta por enraizar esa enfermidade coa presenza corpórea do Duce en pleno apoxeo.

A Mussolini non volveremos velo representado neste ciclo, aínda que a súa sombra estea ben presente en dous filmes que, de maneira no fondo non tan distinta, nos amosan o seu ocaso. En *La lunga notte del 43* e en *Salò o les 120 giornate di Sodoma* represéntase o tempo de caos e de violencia e represión exacerbadas xerado polas derrotas do Eixe. O filme de Vancini reconstrúe, cunha elocuencia dramática formidable, o masacre da poboación civil en Ferrara tras a caída de Mussolini. Pasolini, pola súa banda, atopou material para a súa película involuntariamente testamentaria na delirante fuxida cara a adiante da coñecida como República de Salò, cando, coa guerra xa perdida, un grupo de resistentes fascistas se dedica a unha ritualización do sexo e da morte. A medida que avanzan, no tempo presente, as investigacións reactivadas sobre o asasinato político de Pasolini, abúndase na teoría de que o secuestro dos orixinais de *Salò* serviu como cebo para atraer o cineasta e intelectual á celada mortal que marcou unha das cimas da estratexia da tensión e os anos de chumbo da Italia do setenta.

Os outros dous picos desa década de estremecementos colectivos foron o asasinato de Aldo Moro e a matanza da Piazza Fontana, o atentado da extrema dereita de Ordine Nuovo no ano 1969, en Milán. En *Romanzo di una strage*, incomprensiblemente inédita no noso país, recréase, co coñecemento que hoxe se ten daquel atentado, o que foi o punto culminante da estratexia que debía concluír cun golpe de estado neofascista, o do Príncipe Negro, Borghese. Marco Tullio Giordana, do que en España só vimos *La meglio gioventú*, un concepto de drama político máis desconxestionado ca o modelo canónico do xénero (o dos mestres Francesco Rossi ou Elio Petri), pero debedor das súas pegadas, nun paso rasante pola Italia do foxo, onde non falta, por certo, a presenza icónica do arriba citado Aldo Moro.

Á vez que todo isto removía os cimentos do país, unha certa parte da intelectualidade de esquerdas, en sintonía co que preconizaban Jean-Paul Sartre ou, directamente inserido no mundo do cinema, Jean-Luc Godard,

Las nueve películas que conforman este primer ciclo de cine del CGAC en 2014 abren sus alas sobre lo que fue el siglo XX italiano. Y, de una manera rigurosa, no puede dejar de haber en ellas un análisis de los tres sistemas políticos que dominaron ese siglo largo, desde 1920 y la instauración del fascismo hasta este 2013, justo al doblar el Cabo de Hornos de la defunción de la mediocracia que hemos dado en llamar berlusconismo. (Hablamos de dos histriones, Mussolini y Berlusconi, no comparables en cuanto a su repercusión histórica, geoestratégica y bélica; pero, ojo, sí dignos de ser equiparados en su capacidad para construir un régimen demagógico, en la utilización de los medios y de los bajos instintos para acaparar adhesión popular, y en el tiempo a lo largo del cual ambos fueron capaces de prolongar su liderazgo).

Hacia la mitad del metraje de *Girolimoni, il mostro de Roma*, hace su aparición Benito Mussolini. Es cuando la actuación de un violador y asesino de niñas hace que cunda la histeria en un pueblo sobre el que Mussolini no hace tanto que acaba de soltar su red en la Marcha sobre Roma, y ante el cual es preciso dar cuentas más pronto que tarde y ofrecer el rostro de un culpable. La somatización del fascismo con el asesino de niños, más obvia que en *M, el vampiro de Düsseldorf,* de Fritz Lang, opta por enraizar esa enfermedad con la presencia corpórea del Duce en pleno apogeo.

A Mussolini no volveremos a verlo representado en este ciclo, aunque su sombra esté bien presente en dos films que, de manera en el fondo no tan distinta, nos muestran su ocaso. En *La lunga notte del 43* y en *Salò o les 120 giornate di Sodoma* se representa el tiempo de caos y de violencia y represión exacerbadas generado por las derrotas del Eje. El film de Vancini reconstruye, con una elocuencia dramática formidable, la masacre de la población civil en Ferrara previa a la caída de Mussolini. Pasolini, por su parte, encontró material para su película involuntariamente testamentaria en la delirante huida hacia delante de la conocida como República de Salò, cuando, con la guerra ya perdida, un grupo de resistentes fascistas se dedica a una ritualización del sexo y la muerte. A medida que avanzan, en el tiempo presente, las investigaciones reactivadas sobre el asesinato político de Pasolini, se abunda en la teoría de que el secuestro de los originales de *Salò* sirvió como cebo para atraer al cineasta e intelectual a la encerrona mortal que marcó una de las cimas de la estrategia de la tensión y los años de plomo de la Italia de los setenta.

Los otros dos picos de esa década de estremecimientos colectivos fueron el asesinato de Aldo Moro y la matanza de Piazza Fontana, el atentado de la extrema derecha de Ordine Nuovo en el año 1969, en Milán. En *Romanzo di una strage*, incomprensiblemente inédita en nuestro país, se recrea, con el conocimiento que hoy se tiene de aquel atentado, lo que fue el punto culminante de la estrategia que debía concluir con un golpe de Estado neofascista, el del Príncipe Negro, Borghese. Marco Tullio Giordana, del que en España solo hemos visto *La meglio gioventú*, un concepto de drama político más descongestionado que el modelo canónico del género (el de los maestros Francesco Rossi o Elio Petri), pero deudor de sus huellas, en un paso rasante por la Italia del socavón, donde no falta, por cierto, la presencia icónica del arriba citado Aldo Moro.

Al tiempo que todo esto removía los cimientos del país, una cierta parte de la intelectualidad de izquierdas, en sintonía con lo que preconizaban Jean-Paul Sartre o, directamente inserto en el mundo del cine, Jean-Luc Godard,

móvense xa lonxe das comportas do sistema, afastados da oficialidade política. Bernardo Bertolucci, naqueles anos subxugado pola figura de Godard, non é xa o comunista orgánico de *Prima della rivoluzione*, senón que opta pola protesta contracultural. *Partner*, co seu declarado apoio ao Viet Cong, á acción directa, á deslexitimación do poder, é un dos máis reveladores emblemas do cinema do 68, xa non italiano, senón de calquera procedencia.

Coas bases dun xogo escénico, o da representación dunha obra teatral de Dostoievski, Bertolucci desenvolve un exercicio de esquizofrénica viveza, con Pierre Clementi encarnando o Jeckyll e o Hyde daquela esquerda convulsa. Cando tanto se falou dos secuestros e das prohibicións de *Last Tango in Paris*, talvez sexa o momento de asomarnos á máis descoñecida das obras de Bertolucci e de preguntarnos cales foron as razóns de fondo políticas que levaron a que non se estrease nos Estados Unidos ou en México (dous dos puntos quentes das revoltas do 68) até 1974 e 1976, respectivamente; ou a que en Inglaterra, por exemplo, nunca chegase a autorizarse a súa estrea. Talvez, a prol dese sentido seguramente caduco que é a curiosidade intelectual, pague a pena descubrirmos *Partner* case cincuenta anos despois.

Comezamos este texto falando de Mussolini e de Berlusconi. O que existiu entre ambos, a Primeira República italiana, desde 1945 até a súa implosión en 1992, tivo un cérbero vitalicio: cando Paolo Sorrentino afrontou narrar a peripecia vital —isto é, política, para el non existiu outra cousa— de Giulio Andreotti, parecía inimaxinable como se podía abranguer ese *biopic* en todos os seus meandros, os seus recunchos, as súas maioritarias zonas de sombra, os esquinados territorios dos que sempre saíu ileso, coma o garda dos segredos, Andreotti. Talvez de aí xurdiu a brillante e visionaria idea dramática de *Il Divo* de prefiguralo coa mobilidade dun roedor. E así, Toni Servillo, inmenso sempre ás ordes de Sorrentino (e este ciclo deterase tamén, agora que tanto refulxe *La grande bellezza*, noutra das colaboracións de actor e director, *Le conseguenze dell'amore*), revístese dunha condición de roedor antropomórfico que parece representar mellor ca ningún outro a natureza de Belcebú, o sete veces primeiro ministro, o amañador de todas as conspiracións, da Operación Gladio á aterraxe forzosa do rei do petróleo Enrico Mattei, pasando polo golpe de estado de Valerio Borghese, polos pactos coa mafia, polas voaduras controladas dos xuíces Falcone ou Borsellino ou polo envelenamento do Papa Luciani. Todo ata acabar condenado por un bico, o que lle deu a Toto Riina en Palermo. Igual que a Al Capone, só puido frealo un delito fiscal.

E, unha vez desbancado Andreotti, *Il Divo*, e tras ser sepultada a República baixo o ominoso nome de Tangentopoli, chegamos a Silvio Berlusconi. Dá igual que el fose parte de todo o anterior, que a súa fortuna a fixese baixo a protección do pentapartito e de Bettino Craxi. Chegamos, pois, a Berlusconi. Do labirinto ao trinta. Quizais escarmentado do relativo curto alcance que lle ofrecía organizar unha película-demolición de *Il Cavaliere* ao redor dunha farsa, dunha imposible caricaturización da caricatura, onde o imitador sempre acabaría perdendo fronte ao orixinal (véxase Sabina Guzanti e a súa voluntariosa *Viva Zapatero*), Nanni Moretti púxolle moita frialdade e sabio cálculo ao achegamento ao indestrutible bufón. É *Il Caimano* unha das miñas películas predilectas de toda a historia do cinema político e, en concreto, dos filmes deseñados na angustia de tratar cun drogadicto do poder mentres aínda está na súa posesión. Isto é, que de todo o habitual nestes perigosos supostos —realizar unha obra con carácter de manifesto urxente ou organizar minuciosamente o arsenal de pirotecnia contra o déspota rampante, ou a recorrencia máis tarde ou máis cedo a resortes melodramáticos ou sentimentalismos militantes— é xustamente do que foxe como gato escaldado Nanni Moretti na súa película de 2006.

A construción da película é un complexo e milimetrado exercicio de distanciamento que comeza pola idea do xogo das caixas chinesas de facer cinema dentro do cinema: unha película que fala sobre unha película que vai falar de Berlusconi. Todo o que sucede parece alleo a *Il Caimano*. Só que a película é irrealizable. Só Berlusconi pode facer crible a Berlusconi. E por iso as dúas secuencias nas que se usa material de arquivo para que o que fale sexa *Il Cavaliere*, sen intermediarios, é algo próximo ao cinema de terror mefistofélico. Só Nanni Moretti, que se reservou para ese magnífico e abrupto desenlace da Italia das mascaradas, pode facer dixerible a Berlusconi galopando entre labaradas nesta maiúscula ópera sobre o poder sen o poder. Neste periplo que deixa atrás, coma se fose o Vietnam do pacifista do napalm, a Italia arroibada dun século percorrido a sangue e a lume.

José Luis Losa

se mueven ya lejos de las compuertas del sistema, alejados de la oficialidad política. Bernardo Bertolucci, en aquellos años subyugado por la figura de Godard, no es ya el comunista orgánico de *Prima della rivoluzione*, sino que opta por la protesta contracultural. *Partner*, con su declarado apoyo al Viet Cong, a la acción directa, a la deslegitimación del poder, es uno de los más reveladores emblemas del cine del 68, ya no italiano, sino de cualquier procedencia.

Sobre los cimientos de un juego escénico, el de la representación de una obra teatral de Dostoievski, Bertolucci desarrolla un ejercicio de esquizofrénica viveza, con Pierre Clementi encarnando al Jeckyll y al Hyde de aquella izquierda convulsa. Cuando tanto se ha hablado de los secuestros y prohibiciones de *Last Tango in Paris*, tal vez sea el momento de asomarnos a la más desconocida de las obras de Bertolucci y de preguntarnos cuáles fueron las razones de fondo políticas que llevaron a que no se estrenase en los Estados Unidos o en México (dos de los puntos calientes de las revueltas del 68) hasta 1974 y 1976, respectivamente; o a que en Inglaterra, por ejemplo, nunca llegara a autorizarse su estreno. Tal vez, en aras de ese sentido seguramente caduco que es la curiosidad intelectual, merezca la pena descubrir *Partner* casi cincuenta años después.

Comenzamos este texto hablando de Mussolini y de Berlusconi. Lo que existió entre ambos, la Primera República italiana, desde 1945 hasta su implosión en 1992, tuvo un cancerbero vitalicio: cuando Paolo Sorrentino afrontó narrar la peripecia vital —esto es, política, para él no existió otra cosa— de Giulio Andreotti, parecía inimaginable cómo abarcar ese *biopic* en todos sus meandros, sus recovecos, sus mayoritarias zonas de sombra, los esquinados territorios de los que siempre salió ileso, como el guardián de los secretos, Andreotti. Tal vez de ahí surgió la brillante, visionaria idea dramática de *Il Divo* de prefigurarlo con la movilidad de un roedor. Y así, Toni Servillo, inmenso siempre a las órdenes de Sorrentino (y este ciclo se detendrá también, ahora que tanto refulge *La grande bellezza*, en otra de las colaboraciones de actor y director, *Le conseguenze dell'amore*), se inviste de una condición de roedor antropomórfico que parece representar mejor que ninguna otra la naturaleza de Belcebú, el siete veces primer ministro, el muñidor de todas las conspiraciones, de la Operación Gladio al aterrizaje forzoso del rey del petróleo Enrico Mattei, pasando por el golpe de Estado de Valerio Borghese, por los pactos con la mafia, las voladuras controladas de los jueces Falcone o Borsellino o el envenenamiento del Papa Luciani. Todo hasta acabar condenado por un beso, el que se dio con Toto Riina en Palermo. Igual que a Al Capone, solo pudo frenarlo un delito fiscal.

Y, desbancado Andreotti, *Il Divo*, sepultada la República bajo el ominoso nombre de Tangentopoli, llegamos a Silvio Berlusconi. Da igual que él fuese parte de todo lo anterior, que su fortuna se hiciera bajo la protección del pentapartito y de Bettino Craxi. Llegamos, pues, a Berlusconi. Del laberinto al treinta. Quizás escarmentado del relativo corto alcance que ofrecía el organizar una película-demolición de *Il Cavaliere* en torno a una farsa, a una imposible caricaturización de la caricatura, donde el imitador siempre acabaría perdiendo frente al original (véase Sabina Guzanti y su voluntariosa *Viva Zapatero*), Nanni Moretti le puso mucha frialdad y sabio cálculo al acercamiento al indestructible bufón. Es *Il Caimano* una de mis películas predilectas de toda la historia del cine político y, en concreto, de los filmes diseñados en la angustia de tratar con un drogadicto del poder mientras todavía está en su posesión. Esto es, que todo lo habitual en estos peligrosos supuestos —el realizar una obra con carácter de manifiesto urgente, o el organizar minuciosamente el arsenal de pirotecnia contra el déspota rampante, o la recurrencia más tarde o más temprano a resortes melodramáticos o sentimentalismos militantes— es justamente de lo que huye como gato escaldado Nanni Moretti en su película de 2006.

La construcción de la película es un complejo y milimetrado ejercicio de distanciamiento, comenzando por la idea del juego de cajas chinas de hacer cine dentro del cine: una película que habla sobre una película que va a hablar de Berlusconi. Todo lo que sucede parece ajeno a *Il Caimano*. Solo que la película es irrealizable. Solo Berlusconi puede hacer creíble a Berlusconi. Y por eso las dos secuencias en las se usa material de archivo para que el que hable sea *Il Cavaliere*, sin intermediaciones, es algo próximo al cine de terror mefistofélico. Solo Nanni Moretti, que se ha reservado para ese magnífico y abrupto desenlace de la Italia de las mascaradas, puede hacer digerible a Berlusconi galopando entre llamaradas en esta mayúscula opera sobre el poder sin el poder. En este periplo que deja atrás, como si fuese el Vietnam del pacifista del napalm, la Italia enrojecida de un siglo recorrido a sangre y fuego.

José Luis Losa

# PROGRAMA

16 DE XANEIRO

Presentación ao cargo de José Luis Losa

***La dolce vita***

Italia, 1960 | 174 min | Comedia | Dirección: Federico Fellini | Guión: Federico Fellini, Ennio Flaiano, Tullio Pinelly, Brunello Rondi | Música: Nino Rota | Intérpretes: Marcello Mastroianni, Anita Ekberg, Anouk Aimée, Yvonne Furneaux, Magali Noël, Alain Cuny, Annibale Ninchi, Walter Santesso, Lex Barker, Jacques Sernas, Nadia Gray, Valeria Ciangottini, Riccardo Garrone, Ida Galli, Audrey McDonald, Polidor, Enrico Glori

Marcello Rubini é un xornalista na busca de celebridades, que se move con insatisfacción nas festas nocturnas que celebra a burguesía da época. Cando se decata de que Sylvia, unha célebre diva do mundo do cinema, chega a Roma, cre que esta é unha grande oportunidade para conseguir unha gran noticia e, en consecuencia, perseguiraa polas festas nocturnas da cidade. Nesa viaxe, Marcello establece amizade cun intelectual existencialista ao que admira e que lle revela a visión deprimente dese mundo exorbitado e baleiro.

17 DE XANEIRO

***Girolimoni, il mostro di Roma***

Italia, 1972 | 98 min | Drama | Dirección: Damiano Damiani | Guión: Damiano Damiani, Fulvio Gicca Palli, Enrico Ribulsi | Música: Riz Ortolani | Fotografía: Marcello Gatti | Intérpretes: Nino Manfredi, Gabriele Lavia, Orso Maria Guerrini, Guido Leontini, Anna Maria Pescatori, Luciano Catenacci, Mario Carotenuto

Uns atroces crimes están a conmocionar a cidade de Roma: unhas nenas que non superan os cinco anos de idade son asasinadas tras seren vítimas de abusos sexuais. O autor é un mozo ao que encobre a súa familia. O réxime de Mussolini, que prometera orde e disciplina, atópase na necesidade imperiosa de descubrir o culpable e, dando paus de cego, arríscase cun simple sospeitoso para calar o pobo e conseguir que este aprobe a pena de morte con fins políticos. O chibo expiatorio será un home cosmopolita e mullereiro que leva unha vida de luxo e que pasea cun auto último modelo.

23 DE XANEIRO

***La lunga notte del 43***

Italia, 1960 | 110 min | Drama | Dirección: Florestano Vancini | Guión: Ennio de Concini, Pier Paolo Pasolini | Música: Carlo Rustichelli | Fotografía: Carlo di Palma | Intérpretes: Belinda Lee, Enrico Maria Salerno, Gabriele Ferzetti, Nerio Bernardi, Raffaela Pelloni, Andrea Checchi, Alice Clements

Adaptación de *Cinque storie ferrarese*, de Giorgio Bassani. Como represalia polo asasinato do número un do poder fascista na cidade de Ferrara (en realidade, o crime foi ordenado por outro xerarca fascista), as Brigadas Negras fusilan once antifascistas.

24 DE XANEIRO

***Partner***

Italia, 1968 | 105 min | Drama | Dirección: Bernardo Bertolucci | Guión: Bernardo Bertolucci, Gianni Amico | Música: Ennio Morricone | Fotografía: Ugo Piccone | Intérpretes: Pierre Clémenti, Tina Aumont, Sergio Tofano, Giulio Cesare Castello, Romano Costa, Antonio Maestri, Mario Venturini

Versión libre do relato de Fiódor Dostoievski, "O dobre". Narra a historia de Jacob, un solitario profesor de teatro que inventa un desdobramento da súa personalidade, unha versión de si mesmo extravertida, oposta por completo á súa natureza pechada ás relacións humanas, todo iso no marco dos movementos contraculturais de maio do 68.

30 DE XANEIRO

***Romanzo di una strage***

Italia, 2012 | 129 min | Drama | Dirección: Marco Tullio Giordana | Guión: Marco Tullio Giordana, Sandro Petraglia, Stefano Rulli | Música: Franco Piersanti | Fotografía: Roberto Forza | Intérpretes: Valerio Mastandrea, Pierfrancesco Favino, Michela Cescon, Fabrizio Gifuni, Luigi Lo Cascio, Laura Chiatti, Giorgio Colangeli, Omero Antonutti, Thomas Trabacchi, Giorgio Tirabassi

O 12 de decembro de 1969, unha explosión na milanesa Piazza Fontana destrúe a sede da Banca Nacional de Agricultura: morren dezasete persoas e outras noventa resultan gravemente feridas. No mesmo día, tres bombas explotan en Roma. O ministro do Interior, Franco Restivo, aposta por unha serie de medidas represivas ás que se opón Aldo Moro, ministro de Exteriores. A atribución dos atentados a un grupo anarquista leva á detención, tortura e asasinato dun militante desa banda; pero a autoría

# PROGRAMA

16 DE ENERO

Presentación a cargo de José Luis Losa

*La dolce vita*

Italia, 1960 | 174 min | Comedia | Dirección: Federico Fellini | Guión: Federico Fellini, Ennio Flaiano, Tullio Pinelly, Brunello Rondi | Música: Nino Rota | Intérpretes: Marcello Mastroianni, Anita Ekberg, Anouk Aimée, Yvonne Furneaux, Magali Noël, Alain Cuny, Annibale Ninchi, Walter Santesso, Lex Barker, Jacques Sernas, Nadia Gray, Valeria Ciangottini, Riccardo Garrone, Ida Galli, Audrey McDonald, Polidor, Enrico Glori

Marcello Rubini es un periodista en busca de celebridades, que se mueve con insatisfacción en las fiestas nocturnas que celebra la burguesía de la época. Cuando se entera de que Sylvia, una célebre diva del mundo del cine, llega a Roma, cree que esta es una gran oportunidad para conseguir una gran noticia y, en consecuencia, la perseguirá por las fiestas nocturnas de la ciudad. En ese viaje, Marcello entabla amistad con un intelectual existencialista al que admira y que le revela la visión deprimente de ese mundo exorbitado y vacío.

17 DE ENERO

*Girolimoni, il mostro di Roma*

Italia, 1972 | 98 min | Drama | Dirección: Damiano Damiani | Guión: Damiano Damiani, Fulvio Gicca Palli, Enrico Ribulsi | Música: Riz Ortolani | Fotografía: Marcello Gatti | Intérpretes: Nino Manfredi, Gabriele Lavia, Orso Maria Guerrini, Guido Leontini, Anna Maria Pescatori, Luciano Catenacci, Mario Carotenuto

Unos atroces crímenes están conmocionando la ciudad de Roma: unas niñas que no superan los cinco años de edad son asesinadas tras haber sido víctimas de abusos sexuales. El autor es un joven al que encubre su familia. El régimen de Mussolini, que había prometido orden y disciplina, se encuentra en la necesidad imperiosa de descubrir al culpable y, dando palos de ciego, se arriesga con un simple sospechoso para acallar al pueblo y conseguir que este apruebe la pena de muerte con fines políticos. El chivo expiatorio será un hombre cosmopolita y mujeriego, que lleva una vida de lujo y se pasea con un auto último modelo.

23 DE ENERO

*La lunga notte del 43*

Italia, 1960 | 110 min | Drama | Dirección: Florestano Vancini | Guión: Ennio de Concini, Pier Paolo Pasolini | Música: Carlo Rustichelli | Fotografía: Carlo di Palma | Intérpretes: Belinda Lee, Enrico Maria Salerno, Gabriele Ferzetti, Nerio Bernardi, Raffaela Pelloni, Andrea Checchi, Alice Clements

Adaptación de *Cinque storie ferrarese* de Giorgio Bassani. Como represalia por el asesinato del número uno del poder fascista en la ciudad de Ferrara (en realidad el crimen ha sido ordenado por otro jerarca fascista), las Brigadas Negras fusilan once antifascistas.

24 DE ENERO

*Partner*

Italia, 1968 | 105 min | Drama | Dirección: Bernardo Bertolucci | Guión: Bernardo Bertolucci, Gianni Amico | Música: Ennio Morricone | Fotografía: Ugo Piccone | Intérpretes: Pierre Clémenti, Tina Aumont, Sergio Tofano, Giulio Cesare Castello, Romano Costa, Antonio Maestri, Mario Venturini

Versión libre del relato de Fiódor Dostoievski "El doble". Narra la historia de Jacob, un solitario profesor de teatro que se inventa un desdoblamiento de su personalidad, una versión de sí mismo extravertida, opuesta por completo a su naturaleza cerrada a las relaciones humanas, todo ello en el marco de los movimientos contraculturales de mayo del 68.

30 DE ENERO

*Romanzo di una strage*

Italia, 2012 | 129 min | Drama | Dirección: Marco Tullio Giordana | Guión: Marco Tullio Giordana, Sandro Petraglia, Stefano Rulli | Música: Franco Piersanti | Fotografía: Roberto Forza | Intérpretes: Valerio Mastandrea, Pierfrancesco Favino, Michela Cescon, Fabrizio Gifuni, Luigi Lo Cascio, Laura Chiatti, Giorgio Colangeli, Omero Antonutti, Thomas Trabacchi, Giorgio Tirabassi

El 12 de diciembre de 1969, una explosión en la milanesa Piazza Fontana destruye la sede de la Banca Nacional de Agricultura: mueren diecisiete personas y otras noventa resultan gravemente heridas. En el mismo día, tres bombas explotan en Roma. El ministro del Interior, Franco Restivo, apuesta por una serie de medidas represivas a las que se opone Aldo Moro, ministro de Exteriores. La atribución de los atentados a un grupo anarquista lleva a la detención, tortura y asesinato de un militante de esa banda; pero la autoría

real provén do grupo de extrema dereita Ordine Nuovo, que pretende crear unha inestabilidade que propicie o golpe de estado de Junio Valerio Borghese, coñecido como *o Príncipe Negro.*

31 DE XANEIRO
***Il Divo***

Italia, 2008 | 110 min | Drama. Biografía | Dirección: Paolo Sorrentino | Guión: Paolo Sorrentino | Música: Teho Teardo | Fotografía: Luca Bigazzi | Intérpretes: Toni Servillo, Anna Bonaiuto, Piera Degli Esposti, Paolo Graziosi, Giulio Bosetti, Fanny Ardant, Flavio Bucci, Carlo Buccirosso, Giorgio Colangeli, Alberto Cracco, Lorenzo Gioielli, Gianfelice Imparato, Massimo Popolizio, Aldo Ralli, Giovanni Vettorazzo

Biografía, composta á maneira dun quebracabezas, do personaxe máis controvertido da vida política italiana da segunda metade do século XX, o democristián e sete veces presidente do goberno Giulio Andreotti. A partir do momento no cal Andreotti vai ser finalmente xulgado polas súas relacións coa mafia de Palermo e pola súa vinculación co asasinato do xornalista Mino Pecorelli, o filme vai revisando a súa ascensión política e a súa relación cos feitos máis escuros deses anos: o asasinato de Salvatore Giuliano, o secuestro e a execución de Aldo Moro polas Brigadas Vermellas, a actuación da loxia masónica P-2 ou a voadura do coche do xuíz antimafia Giovanni Falcone.

6 DE FEBREIRO
***Il Caimano***

Italia, 2006 | 122 min | Comedia. Drama | Dirección: Nanni Moretti | Guión: Nanni Moretti, Federica Pontremoli, Francesco Piccolo | Música: Franco Piersanti | Fotografía: Arnaldo Catinari | Intérpretes: Silvio Orlando, Margherita Buy, Jasmine Trinca, Elio De Capitani, Nanni Moretti, Michele Placido, Jerzy Stuhr, Giuliano Montaldo, Paolo Sorrentino, Matteo Garrone

Un veterano produtor de cinema de serie B afronta a súa última oportunidade para manterse na industria, un proxecto ambicioso centrado na chegada de Cristobal Colón a América. Pero, de súpeto, decide arriscarse e apostar por unha directora novel. Esta preséntalle o que el cre que é un *thriller*, pero en realidade trátase dunha incómoda biografía do entón presidente do goberno Silvio Berlusconi.

7 DE FEBREIRO
***Le conseguenze dell'amore***

Italia, 2004 | 100 min | Drama | Dirección: Paolo Sorrentino | Guión: Paolo Sorrentino | Música: Pascuale Catalano | Fotografía: Luca Bigazzi | Intérpretes: Toni Servillo, Olivia Magnani, Adriano Giannini, Antonio Ballerio, Gianna Paola Scaffidi, Nino D'Agata

Todos temos algún segredo, pero Titta Di Girolamo ten máis dun. Se non, por que querería un home de cincuenta anos vivir oito no cuarto dun hotel? Oito anos sen traballar, fumando en silencio, sentado no vestíbulo ou no bar do hotel, ben vestido pero sen grandes luxos. Unha atroz rutina, á espera eterna de que ocorra algo. Pero, que é o que ten que pasar? Titta ve pasar a vida sen expresar ningún sentimento ou emoción. Non ten a ninguén. Está só. É un home perdido por mor da contemplación de algo escondido, pero que é?, por que o contempla?, cales son os segredos inconfesables de Titta? A irrupción dunha muller contribúe a desvelar o que ocultou durante longo tempo.

20 DE FEBREIRO
Conferencia de clausura impartida por Javier Rebollo
***Salò o le 120 giornate di Sodoma***

Italia, 1975 | 117 min | Drama | Dirección: Pier Paolo Pasolini | Guión: Pier Paolo Pasolini | Música: Ennio Morricone | Fotografía: Tonino Delli Colli | Intérpretes: Paolo Bonacelli, Giorgio Cataldi, Umberto Paolo Quintavalle, Aldo Valletti, Caterina Boratto, Elsa De Giorgi, Sonia Saviange

*Salò* desenvólvese na República de Salò, no norte de Italia, durante os anos 1944 e 1945, en plena ocupación nazi. A película atópase dividida en catro segmentos que fan símil co Inferno de Dante: "Anteinferno", "Círculo das manías", "Círculo da merda" e "Círculo do sangue".

Catro homes poderosos, chamados o Presidente, o Duque, o Bispo e o Maxistrado, acordan casar as súas fillas nun ritual libertino. Coa axuda de varios colaboradores, secuestran dezaoito mozos e condúcenos a un palacio. Acompáñanos catro ex prostitutas, cuxa función será a de contar historias que exciten os homes poderosos, que entón explotarán sexual e sadicamente as súas vítimas.

real proviene del grupo de extrema derecha Ordine Nuovo, que prtende crear una inestabilidad que propicie el golpe de Estado de Junio Valerio Borghese, conocido como el Príncipe Negro.

31 DE ENERO
*Il Divo*

Italia, 2008 | 110 min | Drama. Biografía | Dirección: Paolo Sorrentino | Guión: Paolo Sorrentino | Música: Teho Teardo | Fotografía: Luca Bigazzi | Intérpretes: Toni Servillo, Anna Bonaiuto, Piera Degli Esposti, Paolo Graziosi, Giulio Bosetti, Fanny Ardant, Flavio Bucci, Carlo Buccirosso, Giorgio Colangeli, Alberto Cracco, Lorenzo Gioielli, Gianfelice Imparato, Massimo Popolizio, Aldo Ralli, Giovanni Vettorazzo

Biografía, compuesta a la manera de un puzle, del personaje más controvertido de la vida política italiana de la segunda mitad del siglo XX, el democristiano y siete veces presidente del gobierno, Giulio Andreotti. A partir del momento en el cual Andreotti va a ser finalmente juzgado por sus relaciones con la mafia de Palermo y su relación con el asesinato del periodista Mino Pecorelli, el film va revisando su ascensión política y su relación con los hechos más oscuros de esos años: el asesinato de Salvatore Giuliano, el secuestro y ejecución de Aldo Moro por las Brigadas Rojas, la actuación de la logia masónica P-2 o la voladura del coche del juez antimafia Giovanni Falcone.

6 DE FEBRERO
*Il Caimano*

Italia, 2006 | 122 min | Comedia. Drama | Dirección: Nanni Moretti | Guión: Nanni Moretti, Federica Pontremoli, Francesco Piccolo | Música: Franco Piersanti | Fotografía: Arnaldo Catinari | Intérpretes: Silvio Orlando, Margherita Buy, Jasmine Trinca, Elio De Capitani, Nanni Moretti, Michele Placido, Jerzy Stuhr, Giuliano Montaldo, Paolo Sorrentino, Matteo Garrone

Un veterano productor de cine de serie B afronta su última oportunidad para mantenerse en la industria, un proyecto ambicioso centrado en la llegada de Cristobal Colón a América. Pero, de modo súbito, decide arriesgarse y apostar por una directora novel. Esta le presenta lo que él cree que es un *thriller*, pero en realidad se trata de una incómoda biografía del entonces presidente del gobierno Silvio Berlusconi.

7 DE FEBRERO
*Le conseguenze dell'amore*

Italia, 2004 | 100 min | Drama | Dirección: Paolo Sorrentino | Guión: Paolo Sorrentino | Música: Pascuale Catalano | Fotografía: Luca Bigazzi | Intérpretes: Toni Servillo, Olivia Magnani, Adriano Giannini, Antonio Ballerio, Gianna Paola Scaffidi, Nino D'Agata

Todos tenemos algún secreto, pero Titta Di Girolamo tiene más de uno. Si no ¿por qué querría un hombre de cincuenta años vivir ocho en la habitación de un hotel? Ocho años sin trabajar, fumando en silencio, sentado en el vestíbulo o en el bar del hotel, bien vestido pero sin grandes lujos. Una atroz rutina, esperando eternamente a que ocurra algo. Pero ¿qué es lo que tiene que pasar? Titta ve pasar la vida sin expresar ningún sentimiento o emoción. No tiene a nadie. Está solo. Es un hombre perdido a causa de la contemplación de algo escondido, pero ¿qué es? ¿Por qué lo contempla? ¿Cuáles son los secretos inconfesables de Titta? La irrupción de una mujer contribuye a desvelar lo que ha ocultado durante largo tiempo.

20 DE FEBRERO
Conferencia de clausura impartida por Javier Rebollo
*Salò o le 120 giornate di Sodoma*

Italia, 1975 | 117 min | Drama | Dirección: Pier Paolo Pasolini | Guión: Pier Paolo Pasolini | Música: Ennio Morricone | Fotografía: Tonino Delli Colli | Intérpretes: Paolo Bonacelli, Giorgio Cataldi, Umberto Paolo Quintavalle, Aldo Valletti, Caterina Boratto, Elsa De Giorgi, Sonia Saviange

*Salò* se desarrolla en la República de Salò, en el norte de Italia, durante los años 1944 y 1945, en plena ocupación nazi. La película se encuentra dividida en cuatro segmentos que hacen símil con el Infierno de Dante: "Anteinfierno", "Círculo de las manías", "Círculo de la mierda" y "Círculo de la sangre".

Cuatro hombres poderosos, llamados el Presidente, el Duque, el Obispo y el Magistrado, acuerdan casar a sus hijas en un ritual libertino. Con la ayuda de varios colaboradores, secuestran a dieciocho jóvenes y los conducen a un palacio. Los acompañan cuatro ex prostitutas, cuya función será la de contar historias que exciten a los hombres poderosos, quienes entonces explotarán sexual y sádicamente a sus víctimas.

CGAC
SERVIZO DE ACTIVIDADES E PROXECTOS EDUCATIVOS
Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 631 / cgac.pedagogia@xunta.es / www.cgac.org

XUNTA DE GALICIA
galicia